



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0635	Depilación mecánica e descoloración da peluxe	2017/2018	8	140	168

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROCÍO HERMIDA GÓMEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Técnico en Estética e Beleza será formado no campo de hixiene facial e corporal,maquillaxe, a estética de mans e pés, depilación mecánica e descoloración da peluxe, técnicas de uñas artificiais, así como na comercialización de servizos e venda de cosméticos.

Co respecto o módulo profesional de Depilación mecánica e descoloración da peluxe os alumnos deberán acadar as seguintes competencias profesionais, ademáis das persoais e sociais:

- Executar traballos de depilación mecánica e descoloración da peluxe: depilación con cera morna, quente e roll-on, depilación con pinzas e descoloración da peluxe.

Exercerá a súa actividade por conta allea en pequenas e medianas empresas que teñan relación directa coa imaxe persoal, particularmente en establecementos do sector servizos de estética, relacionados coa venda de produtos de imaxe persoale potenciarase así mesmo o autoempleo e a creación de empresas.

As ocupacións e postos de traballo mais relevantes son os seguintes:

Centros e clínicas de estética, balnearios, hoteis, empresas de servizos fúnebres, hospitais, centros xeriátricos, ximnasios, clínicas médico-estéticas, salóns de pedicura e manicura, perrucarías, etc...

Recepcionista en empresas de estética.

Axente comercial en empresas do sector.

Asesor/vendedor/demostrador en perfumerías e droguerías.

Departamentos de estética de empresas adicadas ó tratamento da imaxe persoal integral.

Equipos técnicos dependentes de laboratorios e marcas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da estética e perrucaría, como técnicos, probadores, demostradores e vendedores.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Preparación do espazo de traballo aplicando normas establecidas do mantemento e hixiene dos equipamentos de depilación, e xustificación do procedemento.	Estudo do espazo de traballo aplicando normas establecidas do mantemento e hixiene dos equipamentos de depilación, e xustificación do procedemento.	28	10
2	Realización da análise estética aplicando os protocolos establecidos para o proceso de depilación e descoloración da peluxe.	Práctica da análise estética aplicando os protocolos establecidos para o proceso de depilación e descoloración da peluxe.	30	10
3	Selección dos procedementos de depilación e descoloración da peluxe, tendo en conta a relación entre as propiedades de cada técnica e as necesidades da persoa usuaria.	Estudo dos procedementos de depilación e descoloración da peluxe, tendo en conta a relación entre as propiedades de cada técnica e as necesidades da persoa usuaria.	15	10
4	Execución de técnicas de depilación mecánica, para o que selecciona o procedemento-	Prácticas de execución de técnicas de depilación mecánica, para o que selecciona o procedemento-	68	40
5	Execución de técnicas de descoloración da peluxe utilizando os produtos axeitados.	Prácticas de execución de técnicas de descoloración da peluxe utilizando os produtos axeitados.	15	20
6	Análizade dos parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe, controlando os aspectos que cumpra ter en conta na valoración de resultados.	Estudo dos parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe, controlando os aspectos que cumpra ter en conta na valoración de resultados.	12	10



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación do espazo de traballo aplicando normas establecidas do mantemento e hixiene dos equipamentos de depilación, e xustificación do procedemento.	28

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara o espazo de traballo aplicando normas establecidas de mantemento e hixiene de equipamentos de depilación, e xustifica o procedemento	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Asociáronse os espazos básicos onde se vaian desenvolver as actividades con cada proceso
CA1.2 Relacionáronse os equipamentos e os utensilios coas técnicas de eliminación ou disimulación da peluxe
CA1.3 Estudáronse as medidas de protección e seguridade do persoal e das persoas usuarias
CA1.4 Valorouse a importancia da utilización de material dun só uso
CA1.5 Mantivéronse as instalacións en condicións óptimas de hixiene
CA1.6 Controlouse o funcionamento e o bo estado dos equipamentos e dos aparellos
CA1.7 Recoñecéronse os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, olor, etc.) como factor de calidade do servizo
CA1.8 Sinalouse a importancia da hixiene postural e a ergonomía para previr lesións óseas, circulatorias e musculares
CA1.9 Aplicáronse as normas de control e almacenamento
CA1.10 Ordenouse e controlouse o almacén da área de depilación
CA1.11 Rexeitáronse materiais e produtos non axeitados, caducados ou en mal estado, e xestionouse convenientemente a súa eliminación
CA1.12 Aplicáronse os métodos de limpeza, desinfección e/ou esterilización necesarios
CA1.13 Determináronse as medidas axeitadas para actuar en caso de riscos imprevistos

4.1.e) Contidos

Contidos
A cabina de estética para procesos de depilación.
Seguridade e hixiene nos procesos de depilación e descoloración da peluxe. Medidas de protección para o persoal e a clientela.
Precaucións, conservación e mantemento de aparellos, equipamentos e cosméticos utilizados en depilación: limpeza e desinfección e/ou esterilización de materiais e equipamentos.
Protocolos de actuación ante riscos inesperados.
Hixiene postural e ergonomía.



Contidos

Prevenición de accidentes e reaccións adversas.

Xestión de residuos.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Realización da análise estética aplicando os protocolos establecidos para o proceso de depilación e descoloración da peluxe.	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza a análise estética aplicando os protocolos establecidos para o proceso de depilación e descoloración da peluxe	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Utilizáronse as técnicas de comunicación na fase de toma de datos
CA2.2 Explicáronse as normas deontolóxicas que se deben cumprir para manter a confidencialidade da persoa usuaria
CA2.3 Describíronse as aptitudes fundamentais para o desenvolvemento das actividades de depilación e descoloración da peluxe
CA2.4 Definíronse as actitudes e os principios básicos que debe adoptar o persoal profesional de estética e beleza
CA2.5 Realizáronse medidas de atención á clientela
CA2.6 Avaliáronse as características do pelo e a peluxe
CA2.7 Determináronse alteracións do sistema piloso susceptibles destes tratamentos
CA2.8 Diferenciáronse alteracións cutáneas e vasculares con repercusión en depilación
CA2.9 Interpretouse a demanda para corrixir alteracións estéticas causadas pola peluxe
CA2.10 Identificáronse reaccións adversas provocadas pola depilación e a descoloración da peluxe
CA2.11 Rexistráronse na ficha técnica os datos máis salientables para estes procesos, como a distribución e as características da peluxe
CA2.12 Detalláronse as indicacións e as contraindicacións destes tratamentos
CA2.13 Adoptáronse actitudes e calidades profesionais como pulcritude, destreza manual, gusto estético, amabilidade, responsabilidade, organización, rapidez de reflexos, etc
CA2.14 Identificáronse os tipos de cellas
CA2.15 Estableceuse a relación entre as cellas e o tipo de rostro

4.2.e) Contidos

Contidos
Actitudes e aptitudes profesionais.
Alteracións de tipo vascular.
Contraindicacións absolutas ou relativas na aplicación de tratamentos estéticos de depilación.
Deontoloxía profesional.



Contidos

Preparación da clientela.

Ficha de clientela.

Tipos e distribución de pelo e localización zonal da peluxe superflua.

Estudo das cellas e a súa corrección.

Identificación das alteracións do órgano cutáneo con repercusión no proceso da depilación.

Identificación das alteracións estéticas corporais causadas pola peluxe.

Hipertricose e hirsutismo.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Selección dos procedementos de depilación e descoloración da peluxe, tendo en conta a relación entre as propiedades de cada técnica e as necesidades da persoa usuaria.	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona procedementos de depilación e descoloración da peluxe, tendo en conta a relación entre as propiedades de cada técnica e as necesidades da persoa usuaria	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Definiuse a terminoloxía e as técnicas de depilación e epilación
CA3.2 Diferenciáronse os métodos de depilación polas súas características ou xeito de aplicación
CA3.3 Seleccionáronse os métodos segundo a zona corporal e as características da pel ou do pelo que se vaia tratar
CA3.4 Determinouse a utilización dos métodos de descoloración segundo características da pel e do pelo onde se vaia aplicar
CA3.5 Identificáronse as propiedades, o xeito de utilización e a presentación dos cosméticos depilatorios
CA3.6 Descríbóronse as técnicas actuais de depilación mecánica
CA3.7 Descríbóronse as técnicas de depilación utilizadas a través da historia
CA3.8 Descríbóronse os aparellos utilizados en depilación con cera quente, morna e fría, indicando as pautas para a súa correcta utilización e conservación
CA3.9 Clasificáronse os utensilios, os equipamentos e os aparellos para a depilación mecánica
CA3.10 Identificáronse os cosméticos de utilización anterior e posterior á depilación, as súas propiedades e a forma de aplicación
CA3.11 Descríbóronse as propiedades, a presentación e o xeito de aplicación dos retardadores do crecemento da peluxe

4.3.e) Contidos

Contidos
Concepto de epilación e depilación.
A depilación a través da historia.
Tipos de técnicas depilatorias: químicas e físicas.
Materiais, utensilios e equipamentos de depilación mecánica: fundidores e aplicadores de cera quente e morna.
Criterios para a elección de técnicas depilatorias: zona, cantidade de peluxe, duración e estado da pel.
Tipos de depilacións mecánicas actuais: ceras quentes de baixa temperatura, ceras dun só uso, bandas adhesivas, etc. Métodos de aplicación.
Cosméticos utilizados antes da depilación mecánica e despois desta.
Cosméticos inhibidores ou retardadores do crecemento da peluxe.
Precaucións no uso de aparellos, equipamentos e cosméticos de depilación mecánica.





4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Execución de técnicas de depilación mecánica, para o que selecciona o procedemento-	68

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Executa técnicas de depilación mecánica, para o que selecciona o procedemento	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Preparouse a zona de aplicación antes do tratamento
CA4.2 Adaptáronse os protocolos de depilación facial e corporal para cada zona, tendo en conta as súas características
CA4.3 Efectuouse a depilación con cera quente, para o que se comprobou que a súa temperatura e viscosidade sexan as axeitadas
CA4.4 Realizouse a depilación con cera morna utilizando bandas de papel ou tecido, e espátulas ou roletes
CA4.5 Efectuouse a depilación por avulsión con pinzas
CA4.6 Executouse o proceso no tempo establecido
CA4.7 Finalizouse o tratamento utilizando produtos posdepilación e manobras manuais
CA4.8 Valoráronse posibles efectos posteriores á depilación

4.4.e) Contidos

Contidos
Depilación mecánica: operacións previas; técnicas e execucións en función da rexión anatómica; efectos e contraindicacións.
Protocolos de actuación no proceso de depilación con cera quente, con cera morna e con pinzas.
Procedementos específicos para zonas corporais e faciais.
Uso de bandas, espátulas e utensilios en función do método.
Efectos non desexados e control de riscos en depilación.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Execución de técnicas de descoloración da peluxe utilizando os produtos axeitados.	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Executa técnicas de descoloración da peluxe utilizando os produtos axeitados	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Realizouse a proba de sensibilidade cutánea previa ao proceso de descoloración
CA5.2 Valoráronse as indicacións e as contraindicacións do tratamento
CA5.3 Preparouse o persoal profesional e a clientela cos equipamentos de protección individual e colectiva
CA5.4 Determinouse a cor da peluxe
CA5.5 Preparouse a zona antes do tratamento
CA5.6 Seleccionouse o produto axeitado para a descoloración
CA5.7 Axustáronse as proporcións e as concentracións dos axentes oxidantes e alcalinizantes segundo a zona que se vaia descolorar
CA5.8 Controlouse o tempo axeitado para a reacción esperada
CA5.9 Explicouse o proceso químico polo que se produce a descoloración
CA5.10 Limpouse a zona de residuos descolorantes
CA5.11 Finalizouse o tratamento con cosmética protectora

4.5.e) Contidos

Contidos
Color da peluxe.
Protocolo de actuación fronte a unha reacción adversa dos produtos descolorantes.
Medidas de seguridade e hixiene na aplicación da descoloración de peluxe
Medios específicos de protección do persoal e da clientela.
Proba de sensibilidade.
Cosméticos de uso previo e posterior á descoloración da peluxe.
Criterios de selección e utilización dos produtos para a descoloración da peluxe, nas súas formas cosméticas.
Fundamentos da descoloración.
Toxicidade e control de riscos.



Contidos
Grao de descoloración do pelo. Protocolo de actuación na descoloración da peluxe. Contraindicacións do tratamento.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Análisis dos parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe, controlando os aspectos que cumpra ter en conta na valoración de resultados.	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza os parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe, controlando os aspectos que cumpra ter en conta na valoración de resultados	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse os indicadores de calidade nos procesos de depilación mecánica e descoloración da peluxe
CA6.2 Verifícase o grao de cumprimento dos protocolos establecidos
CA6.3 Controlouse o grao de eficacia do tratamento
CA6.4 Aplicáronse técnicas para identificar as fases do proceso onde se produciran desviacións sobre o resultado previsto
CA6.5 Utilizouse linguaxe técnica axeitada ao nivel e á profesión
CA6.6 Determinouse o mantemento posterior á depilación
CA6.7 Valorouse a calidade do servizo mediante preguntas que permitan coñecer o grao de satisfacción da clientela
CA6.8 Relacionáronse outras propostas de depilación avanzada
CA6.9 Coñecéronse outros tratamentos asociados á depilación
CA6.10 Elaborouse un expediente técnico de depilación e técnicas complementarias

4.6.e) Contidos

Contidos
Control de calidade dos procesos de depilación mecánica e descoloración de peluxe.
Factores de calidade destes procesos.
Grao de satisfacción.
Información doutros tratamentos asociados e proposta de depilación avanzada.
Elaboración de expediente técnico de depilación e técnicas complementarias.
Valoración dos resultados obtidos.
Control e mellora de resultados.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- Preparar e seleccionar, os diferentes tipos de cosméticos limpadores e depilatorios que se van utilizar e ordenalos de forma correcta.
- Describir os criterios para sección de tonos dos cosméticos depilatorios, en función dos diferentes tipos de pel e pelo..
- Preparar e protexer o/a profesional e o/a cliente para a realización de técnicas de depilación e descoloración do vello.
- Adoptar a posición anatómica axeitada durante o proceso de depilación e descoloración do vello.
- Realizar un correcto uso dos útiles, así como a súa limpeza, desinfección, esterilización e conservación.
- Realizar cambios de cor e forma en células.
- Asesorar a clienta/e.
- Formular preguntas que permitan conocer o grao de satisfacción do cliente/a.
- Describir medidas para propor correccións nas desviacións que puideran producirse no servizo de depilación e descoloración do vello.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación final da avaliación (N) será un número enteiro do 1 ó 10. Para o seu cálculo teranse en conta os contidos procedimentais (P), conceptuais (C) e actitudinais (A) aplicándose a fórmula que se indica de seguido, sendo o P,C e A a nota obtida nos correspondentes apartados sobre 10. Considéranse aprobados aqueles alumnos que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5.

$$N = 0,7P + 0,2C + 0,1A \geq 5$$

As porcentaxes coas que se formará a nota final serán:

Alumnado con avaliación continúa

70% Contidos procedimentais:

35% Exámenes prácticos

35% Traballos prácticos de aula-taller

20% Contidos conceptuais:

Probas escritas e/ou orais

Traballos

10% Contidos actitudinais

Alumnado con perda de avaliación continúa e que se presenta a unha proba extraordinaria:

80% Contidos procedimentais

Proba práctica

20% Contidos conceptuais

Proba escrita

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Atitudes: Observación e anotación nunha táboa de observación.

Probas escritas:

Respostas a preguntas e cuestións das unidades de traballo.

Representacións gráficas.

Elaboración de resúmenes e exercicios.



Probas orais: Respostas a preguntas sobre as prácticas diarias e sobre contidos explicados con anterioridade.

Probas prácticas: Probas prácticas puntuais, das que se fará un rexistro.

Traballos individuais ou en grupo: Traballo na aula

Os traballos teóricos, prácticos e orais que se lle pidan ó alumno/a ó longo do curso.

Traballos prácticos mínimos diarios que se rexistrarán nunha lista de cotexo.

Aclaracións dos instrumentos de avaliación:

ATITUDES

Os contidos atitudinais traballaranse e avaliaranse ó longo de todo o curso e en tódalas unidades, descontándose a razón de 0,1 puntos por cada incorrección.

- Interese polo traballo que se realiza.

- Valoración negativa en casos de falta de puntualidade, de asistencia inxustificada e responsabilidade.

Considérase falta de puntualidade entrar entre 5 e 15 minutos despois de sonar o timbre de entrada.

Pasados máis de 15 minutos a falta será de asistencia.

A acumulación de dúas faltas de puntualidade continuadas ou tres discontinuas será tratada como unha falta de asistencia ademais da calificación negativa que corresponda.

- Iniciativa e confianza na toma de decisións e na resolución de problemas

- Organización do traballo.

- Valora-la importancia da precisión na utilización da linguaxe para transmitir a información.

- O trato coa clientela, profesores, compañeiros e toda a comunidade educativa debe ser en todo momento aberto, educado, discreto, prudente e creando unha atmosfera agradable.

- Valoración da orde, puntualidade, limpeza e respecto polo material de traballo tanto propio como alieo.

- Coñecer e practicar as regras de discreción, tacto e prudencia propias da profesión; debéndose usar en todo momento un vocabulario axeitado e exento de palabras ou expresión malsoantes. Restaráselle 0.1 punto da nota final de avaliación por cada aviso.

- Respecto polas normas establecidas no centro educativo, tanto polas xerais como as específicas do departamento de Imaxe Persoal, para a posta en práctica do proceso de ensino/aprendizaxe deste módulo co fin de facilitar a convivencia actual e fomentar a formación de profesionais máis completos.

- Respecto polas opinións alleas e os traballos doutros profesionais e predisposición para axudar ós compañeiros de traballo, colaboración e traballo en equipo.

- Interese por ter e manter a hixiene e a imaxe persoal óptima.

- Interese por coñecer as tendencias da moda en canto a depilación e descoloración do vello, e por asistir a congresos, demostracións e outras actividades relacionadas coa profesión

- Valoración negativa dos alumnos/as que se neguen a facer os traballos que se lle indiquen e a atender os modelos que se lle adxudiquen.



- Valoración da participación activa do alumno tanto nas clases como en calesquera actividades que se organicen ou nas que se participe.

PROBAS ESCRITAS

En tódalas recuperacións de probas escritas o resultado será apto= 5 ou non apto. Dado que as probas de contidos conceptuais puntúan un 20%, en caso de recuperación será tan so un 10%.

Valoración negativa dos alumnos/as sorprendidos con algún medio para copiar nun exame. Terá que entregar o exame e a avaliación estará suspensa.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA

En ambos casos valorarase:

- O número (fixaranse probas puntuais e número mínimo de traballos por avaliación), calidade, dificultade e variedade dos traballos, destreza, limpeza, estética e actitude, o tempo de execución...
- As habilidades, destrezas e iniciativa desenvolto durante a execución dos traballos.
- A asimilación dos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.
- A iniciativa e creatividade.
- Recepción e atención da clientela e modelos.
- A orde e a limpeza.
- O tempo de execución.

Aclaracións no sistemas de cualificacións:

- Valorarase (no apartado de traballos) a participación en actividades extraescolares que complementan a formación do alumnado, realizándose seguidamente traballos, exercicios ou respostándose preguntas sobre as mesmas.
- As actividades relacionadas co módulo que se organicen (prácticas no Centro da terceira idade San Xosé e ou outros establecementos, xornadas de formación, conferencias, desfile), serán puntuables e obrigatorias.
- Para aprobar a avaliación, o alumno deberá obter como mínimo o 50% da nota en cada un dos apartados, e cando non sexa así a avaliación quedará suspensa ata que recupere o apartado correspondente.
- Cando un alumno non participa na clase, fala constantemente, ten unha actitude negativa, non respecta os compañeiros nin o profesor pódese variar a nota da avaliación reducíndoa ata 1 punto; o mesmo no caso contrario, cando un alumno destaca pola súa participación, actitude positiva, bo comportamento se o profesor o estima oportuno pode aumentar a nota da avaliación ata 1 punto.
- A avaliación é continua polo que non se poderá superar unha avaliación sen ter superado previamente as anteriores. A nota final coincidirá coa da terceira avaliación. Para obter a nota da terceira avaliación terase en conta o traballo, a constancia, participación, comportamento, esforzo e evolución do alumno/a durante o curso, podendo o profesor se o estima oportuno aumentar a nota da 3ª avaliación ata 1 punto.
- Deberanse acadar os contidos mínimos establecidos para o módulo.



As probas e traballos prácticos realizaranse en modelo humano. Se non houberse suficientes modelos no centro, os alumnos traerán os seus propios modelos.

Os alumnos teñen que posuír o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden, e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.

Caso de non presentarse a un exame ou proba

Se un alumno/a non se presenta (sen causa xustificada) a unha proba ou exame obterá como cualificación na mesma un cero. Esta proba (teórica ou práctica) so se lle repetirá no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo

Se un alumno/a nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, descontáraselle o 20% da nota que lle corresponda ó mesmo por cada día de retraso. En todo caso, o alumno terá que entregar o traballo, aínda que sexa fora de prazo, antes da avaliación para poder aprobar. De non facelo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperala.

Tratamento dos decimais

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades de recuperación

DAS PARTES NON SUPERADAS:

Ó alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase practicando os traballos de maior dificultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De tódalas probas que se suspendan, farase una recuperación ó longo da avaliación seguinte.

MÓDULO NON SUPERADO

Módulo non superado na segunda avaliación, neste caso deixarase entre a segunda avaliación e a avaliación final de módulos de curso un período destinado á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes. Elaborase un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das actividades de recuperación e a súa temporalización.

Elaborarase un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados, para que se teña



en conta na súa posterior aprendizaxe . O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización , temporalización e data en que será avaliado.

Módulo pendente durante a segunda avaliación de segundo curso (periodo ordinario de FCT) , caso de ter suspendido na avaliación previa a FCT, programaránselle actividades para a súa recuperación, e informaráselle do período da súa realización , temporalización e data en que serán avaliados .

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas alcance o 10% da carga horaria total do módulo. O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas .

O alumnado ten dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulo e a cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final do módulo. Esta proba abarcará a totalidade da materia vista durante o curso.

A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Será una proba teórico-práctica:

Proba escrita

Proba práctica:

- Selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles e cosméticos para realizar o traballo práctico en condicións deseguridade e hixiene idóneas.
- Realización práctica dedepilación quente, morna e de roll-on.
- Realización práctica dunha descoloración da peluxe.
- Realización práctica dunha depilación con pinza.

O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo para poder realiza-la proba e o material necesario.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademáis, en reunión de departamento, o longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto analizar a avaliación inicial feita ós alumnos e coñecer as características e a formación previa de cada un, así como as súas capacidades. Serve de punto de partida ó equipo docente, permitíndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento do documento de avaliación inicial e mediante entrevista persoal cando se considere necesario.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dado a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o cal permite ao profesor/a seleccionar os máis adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os máis axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos prantexados.

Ó alumnado que non responda ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e paos necesarios, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades reforzo e afondamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte modo:

Actividades de reforzo e de afondamento:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Análise do traballo e resolución de dúbidas que lles xurdan ós alumno/as para poder traballar a fondo as actividades propostas durante as horas de clase.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Trataremos os seguintes:

1. Educación moral e cívica

Obxectivos

1. Desenvolver criterios de actuación que favorezan a responsabilidade e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Identificar e valorar a importancia da responsabilidade, a honestidade e xustiza no centro escolar e no mundo laboral.
3. Conscienciarse da importancia tanto da propia liberdade como das obrigas de cara ós demais: clientes, compañeiros, superiores...

Inserción e aplicación

1. Durante os traballos no taller, tanto entre compañeiros como durante a atención ó público.

Enfoque metodolóxico



1. Simular na aula situacións nas que os alumnos teñan que reflexionar, valorar, argumentar e tomar decisións sobre a aplicación dos criterios de actuación que favorezan trocos responsábeis e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Resolver dilemas morais que pechen conflitos éticos de solidariedade e xustiza nun contexto laboral, buscando posicionarse a través de criterios de argumentación claros e precisos.
3. Análise das propias pautas de actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso.
4. Desenvolver exercicios de cooperación nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.

Proposta de avaliación

1. Valorar o comportamento do alumno/a na resolución de situacións de aula e no desenvolvemento de exercicios persoais e/ou de grupo.
2. Educación para a saúde

Obxectivos

1. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.
2. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticos sociais e medioambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeita-las optando por valores que favorecen o benestar.

Inserción e aplicación

1. Na análise dos riscos no ámbito laboral.
2. Na aplicación de medidas de prevención e protección.
3. Na aplicación de medidas sanitarias en caso de accidente.

Enfoque metodolóxico

1. Análise dos posibles riscos que para a saúde ten o traballo, segundo sexan as condicións de aplicación das medidas de seguranza e hixiene.
2. Aplicación de medidas preventivas e de protección durante a execución dos traballos prácticos na aula..

Proposta de avaliación

1. Valorar a aplicación das medidas preventivas e de protección tanto do profesional como do cliente, así como a actuación en caso de accidente durante os traballos prácticos realizados na aula-taller.
3. Educación ambiental

Obxectivos

1. Tomar conciencia da importancia de respectar as normas medioambientais e os seus respectivos efectos no desenvolvemento da actividade laboral e adoptar actitudes persoais responsables..
2. Reflexionar sobre o impacto medioambiental causado polo desenvolvemento da nosa profesión e buscar solucións que o atenúen.
3. Desenvolver actitudes críticas ante as intervencións empresariais no ámbito medioambiental.

Inserción e aplicación

1. Na localización de normativa vixente.
2. Na aplicación de medidas de defensa medioambiental durante a execución dos traballos prácticos na aula..

Enfoque metodolóxico

1. Debates sobre a necesidade de establecer e respectar as normas medioambientais para a instalación e implantación da empresa e para o desenvolvemento da nosa labor profesional.
2. Aplicación práctica de medidas de protección medioambiental durante o desenvolvemento dos traballos no taller.

Proposta de avaliación

1. Observación e valoración das ideas expresadas nos debates sobre a necesidade de establecer e respectar as normas medioambientais para a instalación e implantación da empresa e desenvolvemento da actividade profesional.
2. Valorar a aplicación práctica das medidas de protección medioambiental acordadas para o desenvolvemento dos traballos no taller.

4. Educación para a paz

Obxectivos



1. Valorar a autoestima, seguraza persoal.
2. Ser capaz de establecer a relación entre os dereitos e obrigas de cada un.
3. Superar inhibicións e prexuízos, tanto nas actuacións individuais como nas colectivas, canalizando a propia agresividade cara actitudes que promoven o ben común.

Inserción e aplicación

1. Na análise das capacidades laborais e expectativas persoais.
2. Na participación nos traballos de aula.

Enfoque metodolóxico

1. Pór ao alumnado fronte a dilemas morais ou situacións problemáticas para que teña que reflexionar, valorar, preferir, optar e comunicar.

Proposta de avaliación

1. Utilizar o diálogo para superar os conflitos e mostrar na conduta habitual respecto ás persoas e aos grupos.

5. Educación para a igualdade entre sexos

Obxectivos

3. Adoptar actitudes non sexistas tanto nos comportamentos como nos trocos sociais do ámbito laboral, co fin de favorecer a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
4. Identificar e desenvolver un espírito crítico fronte a aquelas actitudes empresariais que na cultura da empresa denoten formas de discriminación.

Inserción e aplicación

1. Na conciliación da vida laboral e familiar
2. No traballo diario na aula.

Enfoque metodolóxico

1. Resolver situacións que supoñan un conflito ou dilema moral, nas que se teña que reflexionar, aceptar, valorar, argumentar e actuar mantendo unha actitude de respecto e tolerancia ante a diversidade social.

Proposta de avaliación

1. Observar e valorar o comportamento do alumno/a en situacións de aula.

As nosas condutas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar desde moi temprana idade a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respetuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Participación en concursos relacionados coa profesión.
- Asistencia a cursos e xornadas de formación realizados por casas comerciais e profesionais do sector.
- Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos: desfile de perrucaría e estética, obras de teatro, rodaxes películas, galas profesionais e outros proxectos.
- Visitas a distintos medios de comunicación.
- Visitas a balnearios, spas, fábricas de cosméticos...
- Realización de prácticas fora do centro educativo en horas lectivas, noutros centros públicos ou privados, sempre que se considere oportuno.
- Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías...
- Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...